



CONCELLOS

O CORGO

Anuncio

CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS DE PAGO ÚNICO ANUAL PARA O FOMENTO DA NATALIDADE NO CONCELLO DO CORGO - ANO 2025

O Pleno do concello, na súa sesión do 20 de novembro de 2020, aprobou inicialmente a ordenanza pola que se regula a concesión de axudas económicas de pago único anual para o fomento da natalidade no Concello do Corgo. A citada ordenanza, estivo exposta ao público durante un prazo de 30 días, non producíndose durante este prazo ningunha reclamación. En consecuencia, a ordenanza quedou aprobada definitivamente, publicándose o seu texto íntegro no **BOP de LUGO Nº 68, do 25 de marzo de 2021**.

O alcalde, por Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2026 **aprobou a convocatoria das citadas axudas para o ano 2025, é dicir, para os nacementos ou adopcións producidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025**.

En consecuencia, **ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP)**. O procedemento de solicitudes e outorgamento desta prestación rexeráse pola Ordenanza Reguladora de axudas económicas de pago único anual para o fomento da natalidade no Concello do Corgo publicada no BOP antes citado **Nº 68, do 25 de marzo de 2021**,

O Corgo, 4 de setembro de 2026.- O alcalde, Felipe Labrada Reiña.

R. 2401

FOZ

Anuncio

RESOLUCIÓN ALCALDÍA

En virtude do disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

Visto que o artigo 47 do ROF, prevé que corresponde aos Tenentes de Alcalde substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

Visto que o citado artigo establece que nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polo Tenente de Alcalde a quen corresponda, sen expresa delegación que reunirá os requisitos do artigo 44.1 e 44.2.

Visto que o artigo 44.1 e 44.2 do ROF indica que as delegacións serán realizadas mediante Decreto da Alcaldía que conterá como mínimo o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercicio das mesmas, na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto no ROF, e que a delegación de atribucións do Alcalde surtirá efecto dende o día seguinte á súa data, salvo que nela se dispoña outra cousa, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Resultando que este Alcalde atópase ausente por vacacións dende o día 10 ata o día 17 de setembro de 2026, ambos incluídos, o que lle impide poder realizar as súas atribucións no período referido.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Delegar a totalidade das funcións desta Alcaldía no 2º Tenente de Alcalde, don Ángel Fernández Neira, dende o día 10 ata o día 17 de setembro de 2026, ambos incluídos. Esta delegación surtirá efectos dende a súa sinatura e na data indicada.